

## TEMA 11. GUERRA FRÍA E POLÍTICA DE BLOQUES.

### A BIPOLARIZACIÓN.

O remate da 2ª guerra mundial coa vitoria dos aliados sobre a Alemaña nazi, non trouxo consigo un período de paz e estabilidade económica polas enormes diverxencias ideolóxico-políticas que permaneceran ocultas por conveniencia mutua durante a guerra.

**EEUU e a URSS, convírtense nas dúas superpotencias mundiais** xa que saen fortalecidas da guerra. **EEUU, pola ocupación do Pacífico fronte a Xapón e a súa crecente influencia na Europa occidental**, mentres que **a URSS consolídase como líder da Europa oriental e anexiona os países do Báltico ó seu territorio.**

O incremento da rivalidade entre ambas potencias agrávase nos anos posteriores a guerra, pola instauración de réximes comunistas nos países de Europa oriental e o apoio de Stalin ós partidos comunistas de Europa occidental. O mundo queda dividido en dous bloques: o bloque occidental ou capitalista, liderado por EEUU, e o bloque oriental ou comunista liderado pola URSS. **As diferencias entre eles deron lugar a formación do chamado “pano de aceiro”** (liña ou fronteira imaxinaria que divide en dous o continente europeo).

### A GUERRA FRÍA: CARACTERÍSTICAS.

A Guerra Fría é **un período de hostilidade permanente entre EEUU e a URSS e os bloques de países que lideran, na que se intensifica a carreira armamentística**, aínda que os **enfrentamentos militares non son directos senón a través dos seus países aliados, en conflitos localizados**, e onde a pesar de utilizar a ameaza nuclear, ésta non se fai efectiva para evitar unha 3ª guerra mundial enormemente destrutiva.

Este permanente estado de enfrontamento ou de guerra non declarada entre 1947 e 1985 ten as seguintes características:

-Bipolarización territorial: liderando cada superpotencia unha zona de influencia exclusiva; **a URSS domina Europa oriental e os EEUU controlan Europa occidental, Xapón e América**. A descolonización provoca a aparición dun tercer grupo, os países non aliñados, que non se encadran en ningún dos dous bloques.

-Enfrontamento militar: polo medo a guerra nuclear hai unha **estratexia disuasoria ou intimidatoria de equilibrio do terror, que obriga ós países a un enorme gasto militar pola enorme carreira de armamentos**, con diferente intensidade según as fases do conflito. Neste sentido a necesidade de coñecer os proxectos e puntos débiles do inimigo levou a un **forte desenvolvemento do espionaxe a través das axencias de intelixencia** (CIA, KGB).

-Enfrontamento ideolóxico: representando cada bloque a un sistema político-ideolóxico e económico, **o occidental, liderado por EEUU, á democracia parlamentaria e ó capitalismo, e o oriental, liderado pola URSS, a ditadura do proletariado e ó comunismo.**

## **A FORMACIÓN DOS DOUS BLOQUES.**

Os dous bloques enfrontados na guerra fría se diferencian desde o punto de vista xeográfico e ideolóxico. Desde o punto de vista xeográfico, **o bloque occidental xira en torno ó Atlántico Norte** (EEUU e os países de Europa occidental), mentras que **o bloque oriental organízase en torno a URSS, Europa oriental e parte de Asia**.

Desde o punto de vista ideolóxico, o liberalismo occidental oponse ó socialismo comunista. **A URSS concibe a democracia como a plena igualdade dos cidadáns a costa da suspensión das liberdades individuais** (democracia popular), mentras que **os norteamericanos defenden as liberdades individuais e o pluralismo político** (democracia liberal).

No terreo económico, **os liberais occidentais defenden a propiedade privada e a liberdade do mercado** (capitalismo), **fronte a propiedade colectiva e a nacionalización dos bens de produción e a planificación estatal** (comunismo).

### **O BLOQUE OCCIDENTAL CAPITALISTA.**

EEUU adquire un papel hexemónico a nivel político na Europa occidental olvidando o seu tradicional illamento a partir da **Doutrina Truman, de 1947, consistente en axuda militar e económica ós países europeos para evitar o contaxio comunista**. Esta doutrina aparece a partir do conflito grego de 1946 polo levantamento da guerrilla comunista contra o goberno dese país.

**A nivel interno o anticomunismo deu lugar en EEUU a denominada caza de bruxas, encabezada polo senador republicano McCarthy, contra todos os sospeitosos de opinións izquierdistas ou comunistas**, sendo denunciados sen probas numerosos intelectuais, científicos, actores de cine, sindicalistas, funcionarios..., chegando a perder os seus empregos e véndose obrigados a exiliarse do seu país.

**No ámbito económico EEUU aproba o Plan Marshall, tamén no ano 1947, para facilitar mediante préstamos e axudas económicas a recuperación do continente europeo a través da OECE** (Organización Europea de Cooperación Económica). Os países máis beneficiados polas axudas foron Gran Bretaña, Francia, Alemaña Occidental e Italia.

**A nivel militar constitúese a OTAN** (Organización do Tratado do Atlántico Norte), en 1949, **co obxectivo de crear un sistema de defensa mutua por parte dos países atlánticos para garantir a liberdade democrática e a seguridade dos estados membros** (países capitalistas de Occidente), **contra o perigo comunista**. Según este tratado os países mantiñan a súa soberanía militar, pero **o liderazgo e o potencial militar de EEUU, posibilitaron o establecemento de bases militares norteamericanas nestes países que serviron ó seu expansionismo militar e económico**. Creáanse tamén alianzas militares globais con países como Australia, Nova Celandia ou países de Asia Oriental e Occidental.

### **O BLOQUE ORIENTAL COMUNISTA.**

**A URSS aproveita a ocupación durante a guerra por parte do seu exército dos países da Europa oriental** (Polonia, Alemaña oriental, Checoslovaquia, Hungría, Rumania, Bulgaria,

Albania), **para exercer a súa influencia e liderazgo nesa zona, impoñendo nela rexímenes comunistas similares ó soviético.**

O réxime soviético ademais, vai a financiar ós sindicatos e ós partidos comunistas dos países occidentais, e ós movementos de liberación das colonias, para tentar a conquista do poder político neses países

**Os países da Europa do Leste que tiveron que renunciar ó Plan Marshall, foron integrados no COMECON** (Consello de Axuda Mutua Económica), creado en 1949, a partir do Plan Molotov, para coordinar a política económica deses países con clara dependencia da URSS (países de Europa do Leste, Mongolia, Cuba e Vietnam).

**En 1955 crease o Pacto de Varsovia, tratado de asistencia mutua militar entre a URSS e os seus países aliados**, como resposta a entrada de Alemaña occidental na OTAN. **Este organismo non só lle serviu a URSS para contrarrestar o poder da OTAN senón tamén para exercer un maior control sobre os seus aliados**, intervindo o seu exército no sometemento das rebelións húngara (1956) e checa (1958).

### **FASES DA GUERRA FRÍA.**

Pódense distinguir varias fases no medio século de guerra fría entre as superpotencias e os seus aliados.

- Anos 40-50.- **Etape de gran tensión ou fase álxida**, coa creación no ano 1949, das dúas Alemañas (RFA e RDA), a revolución comunista en China e a guerra en Corea (1950-53). Nos anos 50 prodúcese o inicio do diálogo entre as superpotencias, trala morte de Stalin (1953), a chegada de novos dirixentes (Kruschev e Kennedy), o fin da guerra de Corea e o tratado de paz con Austria (1955). Aínda así, segue habendo enfrontamentos como a crise dos mísiles en Cuba ou a construción do muro en Berlín, en 1962.
- Anos 60-80.- **Etape de coexistencia pacífica**, co inicio das conversas para reducir o armamento, sobre todo nuclear (acordos SALT), pero sen rematar os conflitos, algún de longa duración, como a Guerra do Vietnam ou as guerras entre árabes e xudeos. Nos anos 80, a invasión soviética de Afganistán e as guerras en Africa, levan a unha reactivación da guerra fría mediante a renovación tecnolóxica do arsenal nuclear (guerra das galaxias, euromísiles).
- Anos 80-90.- **Fin da Guerra fría e desaparición da URSS en 1991**, polas dificultades económicas dos países comunistas, e as reformas de Gorbachov, novo presidente da URSS (a perestroika e a glasnost), de gran repercusión internacional, xunto a retirada de Afganistán, a proliferación dos tratados de desarme e a disolución do bloque comunista a partir da caída do muro de Berlín (9-11-1989), símbolo do pano de aceiro, os conflitos nacionalistas na URSS, e a reunificación alemá (3-10-1990).

### **A FASE ÁLXIDA DA GUERRA FRÍA (1942-62).**

Exemplos de confrontación na guerra fría.- Nos anos 40 e 50 prodúcese pois os conflitos de maior tensión e duración na etapa da guerra fría, suavizándose a tensión a partir dos anos 60, cun novo período de tensión armamentística nos anos 80, ata a caída dos réximes comunistas na década dos 90.

**-O Bloqueo de Berlín (1948-49):** a división provisional de Alemaña trala guerra en catro zonas na Conferencia de Potsdam, baixo a supervisión dos países aliados vencedores (Francia, Gran Bretaña, EEUU, URSS), provoca a división e o enfrontamento entre eles, **fusionándose a zona occidental o que provoca o bloqueo terrestre de Berlín por parte dos soviéticos, contrarrestado pola creación dunha ponte aérea polos norteamericanos para garantir os suministros ós berlineses.**

En 1949, a URSS acaba co bloqueo, dividíndose a nación alemá en dous países: **a República Federal de Alemaña, capitalista e democrática, e a República Democrática Alemana, socialista e cun réxime totalitario como o da URSS.**

**-A Guerra de Corea (1950-53):** é outro exemplo da rivalidade entre as superpotencias polo control mundial trala 2ª guerra mundial.

A ocupación chino-soviética da zona norte de Corea, fixo que os EEUU brindarán apoio a parte sur, instaurándose dos estados a partir do paralelo 38. **En 1950, Corea do Norte invade Corea do Sur, e a ONU aproveitando a ausencia do representante soviético, aproba unha intervención militar, pero ésta sobrepasa o paralelo 38** que servía de fronteira entre ambos Estados, **polo que se produce a intervención china, tendo que retroceder a forza de ONU, as fronteiras de antes da guerra.** Tras unha enorme tensión na que o xeneral norteamericano Mac Arthur pide o uso da bomba atómica, **fírmase un armisticio en 1953, que mantén o “statu quo” (situación) anterior a guerra.**

**-Nacionalización do canal de Suez (1956):** acción levada a cabo polo presidente exipcio Nasser, como represalia á negativa occidental (Francia, Gran Bretaña), de concederlle un préstamo para a realización da presa de Assuan.

**Francia e Gran Bretaña, socios accionistas da compañía administradora do canal, envían un exército contra Exipto ocupando o Sinaí e Suez co apoio de Israel, pero a ameaza soviética de empregar armas atómicas contra Europa e as presións de EEUU e a ONU, obrigou a británicos e franceses a retirar as tropas.**

**O fracaso de Suez demostrou o escaso papel dos europeos na política mundial, dirixida agora polas dúas superpotencias, cun acercamento da URSS ós países árabes e o rexeitamento destes cara a Israel e as potencias occidentais, ademáis de servir de exemplo do aumento do protagonismo dos novos países do chamado Terceiro Mundo.**

### **A LINGUAXE DA DISTENSIÓN (1962-85).**

Cambios políticos que favorecen a distensión.- En 1953 morren Stalin e Truman, sendo substituídos por Krushev e Eisenhower, iniciándose un novo período na coxuntura política internacional caracterizada por unha certa distensión, non exenta de conflitos entre bloques. Entre os elementos que favorecen a estabilización política internacional destacan:

- **Desestalinización na URSS;** prodúcese ante a condeza dos crimes e purgas do período stalinista, defendendo tres principios básicos: a coexistencia pacífica entre Estados con réximes diferentes, a non exportación da revolución ante o perigo dunha 3ª guerra mundial e o recoñecemento da vía parlamentaria do socialismo.

Na práctica, a URSS non actuou en función destes principios, **producíndose ese mesmo ano a invasión de Hungría**, sofocando un intento de independencia dos soviéticos liderado por un goberno disidente. Tamén houbo períodos de forte tensión como **a crise dos mísiles en Cuba, ou a construción do muro de Berlín, en 1962**.

Na época de Breznev, mantívose este clima de distensión, aínda que **continuaron as intervencións militares en países como Checoslovaquia (1968) e Afganistán (1979)**.

- **A “Nova Fronteira” de Kennedy**; trala victoria de Kennedy nas eleccións de 1960, o novo presidente propón o abandono das duras políticas de tensión e ameazas nucleares dos republicanos Eisenhower e o seu secretario de Estado Foster Dulles, iniciando un **novo período de apoio ás democracias e a oposición as dictaduras a través de axudas económicas, tratando de romper coa política impositiva de EEUU**, sobre todo en América Latina para evitar revolucións, **é a política chamada “Alianza para o progreso”**, aínda que sen abandonar o rearme e a carreira espacial para seguir competindo coa URSS, pero este programa foi boicoteado polos principais sectores económicos do país (asesinato de Kennedy en 1963).

- **Desprazamento do interese das superpotencias cara ó Terceiro Mundo**; no que tanto USA como a URSS tentan ampliar as súas áreas de influencia ante os procesos de descolonización dos anos 50 e 60, desprazando a maioría dos conflitos cara esas zonas (Vietnam, Afganistán).

- **A Ostpolitik alemá**; ou acercamento entre as dúas Alemañas, por parte do chanceler da RFA Willy Brandt, que **en 1970 asinou unha serie de tratados cos países do Pacto de Varsovia e coa RDA, recoñecendo a soberanía mutua e as fronteiras comúns en 1972**, e favorecendo que ambas entraran na ONU, ademais de rebaixar a tensión en Centroeuropa.

Conflitos máis importantes durante a coexistencia pacífica.- Entre os anos 60-80, a pesar da política de distensión seguiron as tensións e os enfrontamentos localizados en diferentes partes do mundo, destacando os seguintes:

- **A construción do muro de Berlín (1961)**: provocada pola fuxida de berlineses do Leste cara ó oeste, onde o nivel de vida e benestar era máis alto grazas ó Plan Marshall. A pesar das boas intencións de Krushev, **o goberno da RDA decretou o 13 de agosto o pechamento da fronteira berlinesa mediante a construción dun muro de cemento e arames que separaba as dúas zonas** (144 km de diámetro e 45 km de extensión este-oeste), **foi o chamado “muro da vergoña”**, onde morreron moitos alemáns da RDA tentando fuxir cara a RFA.

- **A crise dos mísiles en Cuba (1962)**: prodúcese tras o triunfo da revolución cubana sobre a ditadura do xeneral Batista en 1959 e a alianza de Fidel Castro coa URSS, ante o bloqueio económico dos EEUU e tralo intento de invasión de exiliados cubanos en Bahía Cochinos apoiado por EEUU que fracasou. Debido a esa alianza con Cuba, **a URSS instalou rampas de lanzamento de mísiles na illa apuntando a EEUU, o que ó ser descubertas, provocou a ameaza de guerra por parte de Kennedy a Krushev senón retiraba os mísiles**. Tras cinco días de gran tensión no mundo e ante a ameaza dunha guerra nuclear, Krushev decide retirar os mísiles de Cuba.

- **O conflito de Oriente Medio entre árabes e israelíes (1948-94)**: provocado polo desexo dos xudeos de retorno á súa terra prometida (Palestina), desde a diáspora ou dispersión do pobo

xudeu polo mundo. No s.XIX, as persecucións ós xudeos en Rusia e a aparición do movemento sionista, apoiado por EEUU, estimulou as ansias de retorno, e **iniciouse un éxodo migratorio despois da 1ª guerra mundial auspiciado polas potencias colonizadoras europeas, sobre todo Gran Bretaña, administradora da zona** (Declaración Balfour, 1948).

**O abandono de Gran Bretaña de Palestina en 1948, e a división de Palestina-Israel en dous Estados** (Xerusalén queda baixo control internacional), **provoca o enfrontamento entre árabes e xudeos, estalando a primeira das guerras entre palestinos e israelíes**. As derrotas árabes provocan o éxodo palestino cara Jordania, Siria e Libano,(onde en 1964 crean a OLP) e o apoio da URSS para contrarrestar o apoio norteamericano ós xudeos de Israel.

**Na guerra dos 6 días en 1967, Israel derrota ós árabes quedándose con Xerusalén, Gaza, Cisjordania, o Golán e o Sinaí. En 1973, iniciase a guerra do Yom Kippur, na que Exipto e Siria atacan a Israel e son de novo derrotados**, provocando como resposta a subida do prezo do petróleo por parte dos países árabes ós países occidentais (EEUU, Gran Bretaña), polo seu apoio a Israel, iniciándose a crise económica mundial de 1973.

As resolucións da ONU non foron aceptadas por ningún dos dous bandos; **os palestinos néganse a recoñecer o Estado de Israel, e os xudeos a devolver os territorios conquistados ós árabes. Só Exipto recuperou o Sinaí en 1978, tralos acordos de Camp David (EEUU), recoñecendo o Estado de Israel**, pero o resto dos países árabes rexeitaron o acordo.

**En 1988 iniciase a Intifada** (levantamento dos palestinos contra Israel nos territorios ocupados), **proclamando a OLP o Estado palestino. En 1991 celébrase unha Conferencia de Paz en Madrid entre os estados árabes, os palestinos e Israel, que tras arduas e duras negociacións culmina con éxito en 1993, co recoñecemento mutuo de Israel e a Autoridade palestina en Washington.**

**En 1994, Israel recoñece a autoridade palestina e asina a paz con Xordania, pero a violencia dos grupos radicais nos anos seguintes impediu chegar a unha solución do conflito**, que segue aberto e con escasas posibilidades de resolución na actualidade.

**-A Guerra de Vietnam (1945-75):** o conflito iniciase na 2ª guerra mundial, trala ocupación xaponesa da Indochina francesa. Finalizada a guerra, e aproveitando o baleiro de poder deixado polos xaponeses, o líder comunista Ho Chi Minh funda a República de Vietnam, con capital en Hanoi. **Os franceses tentan recuperar a súa antiga colonia iniciándose a chamada guerra de Indochina en 1954, en plena etapa de descolonización, na que os indíxenas derrotan ós franceses en 1954, co apoio da URSS e China, surxindo tres estados independentes: Laos, Camboia e Vietnam.**

**Na Conferencia de Paz de Xenebra dese ano decídese a división temporal do país en dúas zonas** (paralelo 17): **Vietnam do Norte, baixo control da guerrilla comunista e Vietnam do Sur, baixo control francés. En 1955, retíranse os franceses e Vietnam do Sur négase a convocar eleccións para a reunificación do país, según o pactado en Xenebra, contando co apoio de EEUU, que quería impedir un goberno comunista na zona, proclamando a República de Vietnam con capital en Saigón cun goberno autoritario, represor e anticomunista.**

**En 1960, estala a guerra entre a guerrilla comunista do Vietcong, apoiada por Vietnam do Norte, e o goberno ditatorial de Vietnam do Sur apoiado polo exército de EEUU, que intervéen indirectamente desde 1961 (o goberno de Kennedy envía armas e asesores militares) e directamente desde 1964, mediante o envío do goberno de Johnson de tropas e bombardeos aéreos sobre Vietnam do Norte.**

**EEUU non consegue derrotar a guerrilla vietnamita a pesar de utilizar medio millón de soldados, nunha guerra brutal (uso do napalm, saqueos, violacións da poboación civil), na que os americanos teñen moitas baixas, e que a partir de 1968 provoca as protestas en todo o mundo (incluído EEUU), iniciando Johnson a retirada das tropas de Vietnam do sur, e firmando Nixon a paz en París en 1973, rematando o conflito en 1975 cunha das maiores humillacións militares para os norteamericanos e coa vitoria do Vietnam do Norte que reunificou todo o país tras conquistar Saigón.**

**-A Guerra de Afganistán (1979-89):** provocada polo golpe de Estado de 1978, dos líderes do partido comunista afgano, apoiados en 1979 polo exército soviético, fronte o apoio de EEUU, Irán e Paquistán, a oposición guerrilleira (clero musulmán, terratenentes).

**A URSS pretende evitar a derrota do partido comunista e a expansión do fundamentalismo islámico, pero en 1989, tras dez anos de guerra, despois de sufrir un enorme gasto militar, numerosas baixas, e de provocar o agravamento da tensión entre os dous bloques, o exército soviético abandona o país sen poder cumprir os seus obxectivos.**

Carreira de armamentos e conferencias de desarme, seguridade e cooperación.- Un dos factores que favoreceron a distensión foi o equilibrio atómico entre a URSS e EEUU. **A carreira de armamentos conduce a destrución total e a enormes costes económicos que provocan un descenso do nivel de vida dos cidadáns.**

**Estas causas conducen ós países a iniciar conferencias de desarme, para limitar ou reducir o armamento. En 1968, 62 países firman o tratado de non proliferación nuclear, que se negan a suscribir franceses e chinos. Ó ano seguinte as superpotencias inician conversacións para a limitación de armas estratéxicas (acordos SALT para a redución de proxectiles balísticos), incluíndo en 1971 nas conversacións as armas defensivas.**

**Finalmente en 1973 celébrase a Conferencia de Helsinki sobre seguridade e cooperación en Europa, na que ademáis dos países europeos interveñen EEUU e Canadá para fixar as bases de cara ó futuro da relación mutua entre os países asinantes.**

**A chegada de Ronald Reagan a presidencia dos EEUU en 1981 reanuda a carreira de armamentos e as intervencións militares. En 1983, EEUU inicia a chamada “Guerra das Galaxias”, un proxecto de escudo defensivo formado por satélites con armas antimísiles, para protexer o país, que logo nunca se levou a práctica, pero que enfriou as relacións coa empobrecida URSS, ata a elección de Gorbachov como novo presidente soviético en 1985, ano no que se retoma o diálogo entre as dúas superpotencias.**

## **FIN DA GUERRA FRÍA E DESAPARICIÓN DA URSS (1985-91).**

A chegada ó poder de Mijail Gorbachov na URSS en 1985, supón o inicio dunha serie de reformas nun país con enormes dificultades económicas (atraso tecnolóxico, baixo nivel de vida, estancamento da produción de bens de consumo), **para transformar o sistema político e económico**. Estas reformas baseadas na reestruturación económica (**Perestroika**) e na transparencia (**Glasnost**), **pretendían facer máis eficaz o socialismo, non acabar con él**.

Entre 1985-88 Gorbachov inicia unha política exterior activa de aproximación a EEUU para **reducir os gastos armamentísticos**, moi gravosos para o seu país, **reanudándose as conversacións sobre o desarme nuclear en Europa que remataron coa sinatura do Tratado de Washington en 1987, para reducir os mísiles nucleares de alcance intermedio**. A retirada da URSS de Afganistán favoreceu o entendemento entre as dúas superpotencias.

Entre 1988-89, **iniciáanse procesos de cambio na Europa do Leste encamiñados a democratización da vida política provocando a presión popular a rápida caída dos réximes comunistas**. A fuxida de miles de alemáns orientais cara a Occidente, levou ó goberno comunista da RDA a abrir as súas fronteiras, **producíndose o 9-11-1989, a caída do muro de Berlín, o símbolo do telón de aceiro**.

**Os cambios continuaron nos demais países da Europa do Leste** de maneira pacífica, en Checoslovaquia e Polonia, ou violenta, en Romanía, **axudadas pola pasividade soviética, que non enviou o seu exército para reprimir as protestas**.

**O 12-9-1990, asinase a Acta de Reunificación de Alemaña, en Moscova**, ratificada polos Estados europeos en Nova York o 2 de outubro (a RFA anexionase a RDA). Entre 1990-94, a URSS retira as súas tropas de Europa oriental.

En 1991, **disólvese o COMECON e o Pacto de Varsovia, e recrudécense os conflitos nacionalistas na URSS que comezaran no ano 1988**, o que unido ós crecentes problemas económicos, **rematan coa disolución do Estado socialista soviético**. En decembro dese ano, trala dimisión de Gorbachov, e a subida ó poder de Boris Ieltsin, a bandeira vermella coa fouce e o martelo é substituída nas torres do Kremlin pola branca, azul e vermella de Rusia.